

Apertura dun novo museo municipal no Castelo de Santa Cruz

Páxina 8



Concello de  Oleiros

Homenaxe institucional a campións e campioas na Gala do Deporte

Páxinas 12-13

Vivir en Oleiros

Número 75
Abril 2023
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Esta nova infraestrutura permitirá mellorar notablemente o tráfico



A Xunta boicotea a chegada do bus 1-A a Santa Cristina

Páxina 4

Próxima renovación das rúas Cubeiro e Castela

Páxina 7

O túnel de Sol y Mar estará aberto á circulación en setembro

■ Avanzan ao ritmo prometido as obras de construción do túnel en Sol y Mar. Se as condicións climatolóxicas non o impiden, en setembro poderá circularse por esta nova infraestrutura viaria con normalidade. Ademais, o Concello ten solicitado ao Ministerio melloras en diversas rúas próximas.

Páxina 6

Premio europeo para a praia de Bastiagueiro

Páxina 9

Numerosas excursións e rutas de sendeirismo para maiores de 60 anos

O programa municipal Ven e Descubre ofrece para este ano 2023 un total de 1.170 prazas para excursións e rutas de sendeirismo para veciños e veciñas maiores de 60 anos. Haberá 15 saídas de excursionismo e 11 de sendeirismo. O luns 11 de abril abre o prazo de inscricións.

Páxina 15

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23




Alternativa dos Veciños

CEAS FRÍAS

Animamos a todos os veciños e veciñas do municipio a participar nas ceas frías que estamos a celebrar por todo o municipio. Son actos abertos nos que compartimos un pincho e presentamos a candidatura e o programa electoral co que nos presentamos ás eleccións do vindeiro 28 maio. Todas aquelas persoas interesadas en informarse e coñecer as nosas propostas para a próxima lexislatura son ben recibidas.

- **Nós**, 14 abril, polideportiva da Casa do pobo
- **Dexo**, 21 abril, Casa do pobo
- **Oleiros**, 28 abril, pavillón A Rabadeira
- **Mera**, 5 maio, Parque da Lagoa
- **Dorneda**, 12 maio, polideportiva da Casa pobo
- **Liáns**, 19 maio, praza Esther Pita
- **Perillo**, 26 maio, polideportiva II República

Todos as ceas frías comezarán ás 21 horas



Partido Popular de Oleiros

O PP de Oleiros lembra ao Concello a necesidade urxente de incrementar o persoal da Policía Local

A incorporación de tres funcionarios de policía o 14 de febreiro non é suficiente para paliar a deficitaria dotación de axentes do municipio. O persoal da Policía Local do Concello de Oleiros é de 28 policías. Se descontamos aos que non patrullan -un xefe, tres inspectores e dous traballadores con baixas de longa duración-, a dotación real é de 22 axentes, aos que se engaden tres

novos membros que se incorporan o 14 de febreiro. 25 axentes en total. Unha cifra moi afastada das recomendacións oficiais.

A FEGAMP aconsella un cociente de 1 axente de policía local por cada 667 habitantes. A propia Unión Europea, eleva esta cifra ata 1,8 axentes por cada 1.000 habitantes. Oleiros ten 37.271 habitantes (Fonte: INE, 2022) e, segundo estas

recomendacións, o persoal necesario segundo a poboación -e a extensión municipal- situaríase entre 56 e 67 axentes.

A primeira evidencia é demoledora: o número de policías locais de Oleiros apenas chega á metade das recomendacións menos esixentes. Se en circunstancias normais, a extensión e poboación do noso concello xustifica un persoal de policías

moito maior que a actual, canto máis co clima de inseguridade cidadá que se está rexistrando neste e outros concellos limítrofes nos últimos tempos.

É urxente que desde o Concello tomen en serio o déficit de axentes e a propia xestión do corpo de Policía Local, que sofre unha continua perda de funcionarios que se acaban indo a outros municipios.



Grupo Municipal Socialista

O derradeiro 8M foi un día especial malia os motivos. Aínda que sexa un día de lembrar a vítimas do machismo, de manifestarnos polos nosos dereitos como mulleres, e un etc demasiado longo, penso que tamén hai espazo para celebracións. Porque a vida en si mesma é unha celebración. E nós, en Oleiros, neste 8M, rendimos homenaxe ás trece mulleres que lle dan nome ó parque das Trece Rosas. Esta

homenaxe foi un recoñecemento ás mulleres que quedaron sen voz para que nós, hoxe, podamos berrar. Pero hoxe non vou berrar. Hoxe escribo. E escribo con dor por ver ó concello, levar a bandeira do feminismo só por un sentido do decoro, e non por un compromiso real. Gustaríame preguntarlle ó alcalde para cando un CIM (Centro de Información da Muller). O feminismo non

consiste só en homenaxear, se non facer accións que cambien o transcurso da historia. Gustaríame, en definitiva, dicir que a política e políticos deben estar a disposición da sociedade. Porque a política, non é populismo. Se non solucións. Preguntámonos no PSOE de Oleiros se haberá nalgún momento un PLAN DE MOVILIDADE real e efectivo no concello. Ángel Seoane, se estiveras a

facer o teu traballo, tal vez xa habería FIBRA ÓPTICA en todas as parroquias, ou teríamos xa un comercio de proximidade e non hoteis de luxo ou campos de golf para xente con cartos. Terías que saír á rúa a preguntar que necesitan os oleirenses. Cando queirades traballar en serio, o PSOE desde Oleiros estará disposto. Pero, para iso, tedes que querelo. Porque foron, somos. Porque somos, serán.



Bloque Nacionalista Galego

Pleno a pleno, pasiño a pasiño, sen présa mais sen pausa, estamos a contemplar como a cuestión inexistente da inseguridade está a atopar acubillo tamén no Concello de Oleiros: unha vella e manida arma dos réximes máis autoritarios e das ideoloxías máis conservadoras para alcanzar o poder e ficar nel. Contemplamos con abraio como, nun Estado como o español, cun índice de delincuencia moi baixo en termos comparados no eido europeo, posuímos un dos maiores índices de persoas encarceradas do continente, lamentábel siloxismo. A menos delitos, máis internos nas cadeas do Estado español. Estupor sentimos cando observamos a deriva autoritaria da lexislación española impulsada dende a esquerda española cun claro punitivismo. Os políticos dos grandes partidos españois caeron na marmitta do populismo máis punitivista, a través de leis pouco democráticas, feitas en quente e a

golpe de enquisa e non en frío, con estudos científicos e xurídicos serios dos expertos na materia. A voz do BNG é fundamental para destapar o demagógico discurso do mendaz asunto da "inseguridade". Non toleraremos de ningunha maneira que, coa intención de acadar un puñado de votos en determinado electorado ultra conservador, se introduza a alarma social na cidadanía. Oleiros é un lugar seguro, un lugar cun índice baixo de delitos, un lugar solidario con quen máis padece e sofre. Seguir protexendo este segmento máis desfavorecido da poboación é a nosa única seguridade, e o risco de que isto non sexa así será a verdadeira inseguridade. A inseguridade áchase nas cúpulas de determinados partidos, catacumbas das institucións do Estado ou segmentos do empresariado que con condenas de 6 anos aínda non entraron en prisión, señor expresidente de Pescanova...



Ciudadanos

Polo consenso con diálogo e respecto

A traxectoria de Ciudadanos durante estes case catros anos de labor no Concello de Oleiros, estivo marcada por estas tres palabras, diálogo, consenso e respecto. Proba diso foi que sempre apoiamos as iniciativas políticas que fosen beneficiosas para o conxunto da cidadanía, independentemente do partido que as expuxese. Sirva como exemplo que compartimos o grupo mixto co BNG, partido ideoloxicamente distante de Ciudadanos, e con todo

a harmonía e o apoio mutuo en beneficio dos habitantes de Oleiros foi patente en todo momento, demostrando que os intereses cidadáns deben de estar por encima das siglas dos partidos políticos. Agora e durante o próximos catro anos tentaremos centrar os nosos esforzos en alcanzar unha vez máis representación no Concello da Coruña. Foi un pracer e unha honra compartir cos 21 homes e mulleres da Corporación Municipal esta lexislatura.

EDITORIAL • Hai futuro!

◆ A esperpéntica moción de censura promovida pola extrema dereita, a corrupción política incesante, a utilización partidista das forzas de seguridade, a teatralización permanente do debate político, o bloqueo do Consello Xeral do Poder Xudicial... A degradación das institucións públicas é unha perigosa realidade para a saúde democrática deste país.

O panorama é tenebroso, pero esa nebulosa non pode facernos caer no pasotismo nin no conformismo. Todo o contrario, debe ser motivo de resorte e impulso para rearmarnos e dar un paso máis ao fronte.

O mantemento dos dereitos e liberdades democráticas, que tanto custou acadar neste país, e a súa ampliación está en xogo. O reto é inmenso, pero o obxectivo merece do esforzo colectivo. Por respecto á memoria de todos cantos deron a súa vida pola democracia e polo futuro dos nosos fillos e netos estamos obrigados a avanzar na dirección do progreso.

Porque si, hai futuro. Na nosa man está debuxalo. Fortalecer a sanidade pública, garantir o sistema de pensións, avanzar na calidade do ensino público, mellorar as

nosas relacións co medio ambiente, erradicar a lacra do machismo asasino, dispoñer de espazos públicos agradables, crear consciencias críticas e libres, a imprescindible reindustrialización...

Non deixemos que sexan outros os que decidan por nós. Non permitamos que os demagogos, os paracaidistas, os oportunistas, as trepas que se amparan baixo todo tipo de siglas para beneficio persoal nos dirixan. Non nos deixemos embaucar por mensaxes interesadas e difamatorias de medios de comunicación e redes sociais.

Apostemos polas persoas honradas que hai na política e nas administracións públicas. Confiemos nos proxectos serios, na capacidade de xestión, naqueles servidores públicos con vocación demostrada. Quedémonos cos dos feitos e non cos das palabras.

Non quedemos na casa. Participemos nas eleccións. Enchamos as urnas de papeletas para sementar un futuro de progreso e esperanza. Fagamos florecer a primavera da democracia para conquistar novos dereitos e liberdades. Melloremos o noso país.



Oleiros
guapo



VER VÍDEO



Concello de  Oleiros

Nova avenida de Santa Cristina

■ A obra, demandada polo alcalde á Deputación, comezará despois do verán



◆ Co proxecto construtivo xa finalizado, a Deputación da Coruña iniciará de maneira inmediata o expediente de contratación da obra de reforma integral da avenida de Santa Cristina que ten un custo de 1,6 millóns. A Deputación da Coruña e o Concello de Oleiros asinarán un convenio para sufragar o custo de reposición daqueles servizos públicos que son competencia municipal.

A renovación total da actual avenida inclúe un novo pavimento para as beirarrúas, eliminación da actual mediana, instalación de nova iluminación pública, dotación de mobiliario urbano...

Crearase un espazo lastrado no tramo final da avenida, á altura da praza afundida.

Máis melloras nas rúas Linneo, Humboldt e avenida das Américas

Para completar a renovación total de Santa Cristina, que estivo precedida pola reurbanización da rúa Xuncal e a remodelación da praza Charles Darwin, o Concello vai tratar directamente con 400.000 euros de fondos propios o reacondicionamento das rúas Linneo, Humboldt e da avenida das Américas. Renovaranse por completo as beirarrúas, reordenando os espazos de aparcamento e o pavimento da calzada.

A Xunta impide a prórroga do convenio para a conexión do bus urbano 1-A durante o verán ▼

◆ Os concellos de Oleiros e A Coruña acordaron prorrogar por 4 anos máis o convenio que permitía prolongar a liña de bus urbano 1-A ata Santa Cristina. Incomprensiblemente, a Xunta de Galicia non autoriza ese acordo.

O motivo que esgrime a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para impedir a prórroga do convenio é o pagamento de 49.000 euros por parte do Concello de Oleiros á empresa Cal Pita, en contraprestación á suposta perda de pasaxeiros nos anos 2019 e 2022. Unha cantidade que non está debidamente xustificada e que, polo tanto, o Concello de Oleiros non pode aboar.

Mentres a Xunta siga posicionándose do lado dos intereses dunha empresa privada, a cidadanía quedará sen un servizo público de elevado uso, moi beneficioso para a mellora da mobilidade e que reduce a utilización do vehículo privado.

En construción o novo parque público da ría



◆ Dentro das obras de dragado da ría, está a acometerse a creación dun novo parque público xunto á desembocadura do río do Seixo, entre O Paraíso e O Seixo. Será unha grande área verde de 16.000 metros cadrados, que será dotado de árbores e mobiliario urbano para o seu uso e gozo por parte de todos os veciños e veciñas.

O Concello demanda a continuidade do paseo da ría ata Cambre

◆ O alcalde reuniuse recentemente cos responsables da Dirección Xeral de Costas para reclamar a realización das obras de construción do último tramo pendente do paseo da ría, para poder conectar Oleiros e Cambre. Aínda que o proxecto de dragado da ría contemplaba esta actuación, o Ministerio non ten previsto realizala.

O Concello creou recentemente un novo parque público no Paraíso, pero Costas debe construír o paseo marítimo desde Beiramar ata a desembocadura do río do Seixo pola beira da ría.

Avanza a creación do parque da rúa do Mar

◆ Continúan avanzando as obras de creación do novo parque público da rúa do Mar, que ocupará 19.908 metros cadrados de solo urbano propiedade de Sandra Ortega, que renunciou ao seu dereito de aproveitamento urbanístico de construción de 88 vivendas e sufragou o custo íntegro da obra. De non producirse ningún contratempo, o parque estará dispoñible para gozar del a partir do verán.



■ Nenos e nenas dos centros de ensino do municipio están a participar na creación deste parque mediante a plantación das árbores que albergará este espazo público.

O Concello solicita ao Ministerio que realice diversas melloras nas rúas próximas á obra de Sol y Mar ▼

■ O Goberno municipal ten solicitado ao Ministerio que, de xeito paralelo á obra de Sol y Mar, trate diversas actuacións de mellora para deixar toda a zona nun estado óptimo. Trátase de actuacións positivas e demandadas polo conxunto da cidadanía, valoradas en 800.000 euros.



■ Proposta do Concello para a rúa As Garridas



■ Neste momento a obra atópase na parte final da súa execución, coa escavación do túnel. De non xurdir ningún imprevisto, debería estar finalizada no outono.

- Reurbanización completa da rúa As Garridas
- Construción de pasarela peonil entre as prazas dos Areeiros e Agramar
- Creación dun acceso directo para os garaxes da praza Agramar para evitar circular ata a ponte da Pasaxe
- Renovación de beirarrúas na rúa do Areal
- Pavimentación do estacionamento da rúa do Areal
- Creación da vía de conexión coa rúa Revolta e instalar novas marqueseñas.

Mellorada a iluminación entre Montrove e Oleiros ►

◆ O Concello está a rematar as obras de instalación de iluminación pública entre Montrove e a rotonda das Pedreiras, en todo o tramo de beirarrúas existente paralelo á estrada. Trátase dunha zona de paseo cun elevado uso que a Xunta de Galicia no quixo dotar de iluminación. O investimento realizado foi de 63.993 euros.



Próximo inicio da reurbanización das rúas Ricardo Cubeiro e Daniel Castelao ▼



◆ Están a finalizar os trámites administrativos de contratación previos ao comezo das obras de construción de beirarrúas no centro de Santa Cruz, nas rúas Ricardo Cubeiro e Daniel Castelao, naqueles tramos nos que non existen. O custo desta actuación ascende a 611.745,04 euros.

Desta maneira preténdese consolidar a malla urbana desta localidade, dotándoa de maior seguridade para peóns e condutores, creando ademais un espazo lastrado que embelecerá a contorna da igrexa. Aproveitando a actuación, para non romper o novo pavimento a curto ou medio prazo, vanse renovar as canalizacións das redes de abastecemento de auga.



Máis seguridade viaria na rúa Subiña e nos accesos ao campo deportivo A Marola ◀

◆ Está a piques de finalizar a obra de reacondicionamento das rúas Subiña e Fonte Cuba, desde a igrexa de Serantes ata o acceso ao novo campo de fútbol municipal. Ademais do asfaltado, vaise crear unha senda peonil, instálase unha nova rede de iluminación pública desde a entrada do campo de fútbol ata a rúa Subiña e renóvase o paso de peóns de pedra situado fronte á igrexa. Esta obra ten un custo de 418.635,05 euros.



Renóvase o pavimento da rúa Helios ◀

◆ Nos próximos días concluirán as obras de asfaltado da rúa Helios, en Icaria, que dá acceso ao campo de fútbol de Montrove. Contra a vontade do Concello, esta rúa non puido ser arranxada antes. A Xunta de Galicia impediu o asfaltado desta rúa no mesmo proxecto que no das demais rúas desta urbanización. Debido a ese atranco, foi necesario iniciar todo o proceso administrativo de contratación para realizar a obra.

Creación dun novo museo no Castelo

◆ O Concello de Oleiros conta cun novo museo no Castelo Santa Cruz. Trátase dunha exposición de obras de arte de propiedade municipal, formada polas doazóns de Jose María Kaydeda e Miguel Pampín Besteiro, que ocupará 4 salas, ampliando así a actual oferta artística do Museo Os Oleiros, da exposición permanente de Isaac Díaz Pardo que tamén se atopa no Castelo e das mostras que se realizan periodicamente en Casa Charry e na Fábrica.

Neste novo museo, baixo a denominación *Obxectomanía*, reuniuse unha escolma de pezas da colección municipal, organizadas en catro seccións coas que se pretende exemplificar algúns dos tipos máis habituais de coleccionismo: o artístico, o relixioso, o etnográfico e antropolóxico e unha cámara das marabillas con todo tipo de obxectos. As obras expostas en cada sala serán renovadas de maneira continuada, para facer máis atractiva a mostra.



Ultímase o colofón do Parque As Trece Rosas

◆ O Concello está a ultimar as obras de axardinamento dos máis de 5.000 metros lindantes coa praia de Bastiagueiro Pequeno que ocupaban as parcelas das vivendas demolidas por estar fóra de ordenación urbanística. Por parte de Costas estase a construír uns muros de contención de granito para asegurar o terreo e consolidar o parque e a praia.


Ademais, está a adecuarse unha das vivendas para dispoñer de servizos para o mantemento do parque, inodoros públicos e crear un local de hostalería, que sairá próximamente a concesión pública e se adxudicará mediante concurso a algunha persoa ou empresa con demostrada capacidade profesional no sector.



◀ AMPLIACIÓN DO PARQUE

O Concello acaba de incorporar recentemente ao parque o último terreo que quedaba pendente en todo o ámbito. Son un total de 1.648 metros cadrados no extremo máis próximo á praia de Bastiagueiro no que se atopaban unhas construcións ilegais que serán demolidas para a súa posterior integración.

Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros



Recibirás diariamente, de xeito automático e gratuito, toda a información municipal no teu correo electrónico.

Desde a páxina principal da web municipal, www.oleiros.org, poderás acceder ao formulario de subscripción para darte de alta neste servizo.

Bastigueiro, a mellor praia española do Atlántico

■ Tan só 8 municipios de toda España levan 36 anos consecutivos recibindo a bandeira azul: 7 de Valencia e Oleiros



◆ O organismo europeo ADEAC, que concede as bandeiras azuis ás praias, entregou ao Concello de Oleiros unha distinción especial que acredita á praia de Bastigueiro como unha das únicas 8 de toda España que leva recibido a Bandeira azul ininterrompidamente desde o 1987. O rigoroso traballo realizado polo Goberno municipal desde o inicio da democracia en canto á conservación do litoral, protección do medio ambiente e ordeación das praias e dos seus contornos posibilita a consecución deste destacado recoñecemento.

Bastigueiro, igual que os outros areas do municipio, dispón dunha calidade de auga excelente para o baño e de todos os servizos necesarios para o disfrute dos areas con seguridade. Rodeada de parques e numerosos equipamentos públicos é un lugar marabilloso para a convivencia, o ocio e o deporte durante todo o ano.



A costa libre de Oleiros declarada novamente sendeiro azul europeo

◆ O Concello de Oleiros volveu recibir o distintivo que recoñece a costa do municipio como sendeiro azul. O elevado número de quilómetros de paseos e sendeiros existentes a carón do mar ao longo de todo o litoral fai posible este importante recoñecemento.

A Xunta deixa sen saneamento ao porto de Lorbé

◆ Despois de 14 anos reclamando por parte do Concello a conexión da vía Ártabra co porto de Lorbé, a Xunta de Galicia acaba de adjudicar a obra en vésperas electorais. Incomprensiblemente, non se van realizar as actuacións de saneamento necesarias para eliminar as actuais verteduras procedentes das distintas edificacións da zona portuaria.

O Concello non tolerará que a Xunta esquive as súas obrigas medioambientais. De non adoptar as medidas necesarias para corrixir a situación, denunciarase a Portos de Galicia ante Sanidade.

Adxudicada a obra para un novo parque infantil en Rialta ▶

◆ O Concello vai iniciar de inmediato a obra de renovación e ampliación da área de xogos infantís do parque Nicolás Redondo, na urbanización Rialta. O investimento nesta actuación será de 189.789,09 euros.

Dada a importante poboación infantil da zona, ademais da renovación completa do parque con novos xogos ampliarase o actual espazo con máis aparatos, entre outros cunha tirolina.



Renovado o céspede do Condús

◆ Están a finalizar as obras de substitución do céspede artificial do campo de fútbol Eugenio Pardo Conchado. Está previsto que o terreo de xogo poida entrar novamente en uso no mes de maio.

O investimento nesta mellora foi de 325.171,25 euros ▶



Finalizadas as melloras no patio do colexio A Rabadeira ▶

◆ Atendendo ás peticións da dirección do centro, acometeuse unha importante transformación do actual patio coa instalación de diversos elementos para o lecer do alumnado e o axardinamento de novos espazos. Ademais, o Concello creará proximamente unha zona verde para uso exclusivo do colexio nos terreos de propiedade municipal que se atopan entre o pavillón e a circunvalación de Oleiros.



O libro *Oleiros guapo* pode recollerse coa tarxeta na Fábrica ou na Casa do Concello

◆ O Concello de Oleiros editou unha publicación para informar e dar a coñecer o importante patrimonio público que dispoñen todos os veciños e veciñas.

O libro entregouse en todos os domicilios. As persoas que non se atopaban na súa vivenda no momento da entrega recibiron unha tarxeta no seu buzón coa que poden dirixirse á Casa do Concello ou á Fábrica para recoller a publicación.

En total, imprimíronse 15.500 exemplares de 164 páxinas a toda cor que tiveron un custo unitario de 2,37 euros.



◀ Publicada a guía para fomentar un uso inclusivo e non sexista da linguaxe

◆ No marco do II Plan de Igualdade, o Concello acaba de publicar a Guía para un uso inclusivo e non sexista da linguaxe. Con esta publicación búscase frear a transmisión de estereotipos e prexuízos sexistas a través da linguaxe e, con isto, as desigualdades e violencias que sobre eles se constrúen. Para contribuír á loita social en prol da igualdade entre mulleres e homes, é necesario derribar os imaxinarios estereotipados, os roles e mandatos de xénero que a través da linguaxe se transmite.

Esta Guía para un uso inclusivo e non sexista da linguaxe sinala, dunha forma práctica e sinxela, o sexismo cotiá que adoitamos empregar na linguaxe, e proporciona alternativas inclusivas e non sexistas. Ademais vai máis alá da linguaxe escrita e abrangue imaxes, fotografías, vídeos... sinalando as dinámicas que lexitiman o trato diferencial -e, polo tanto, desigual e discriminatorio- entre mulleres e homes, coa finalidade de ser quen de detectalas e corrixilas.

Todas aquelas persoas interesadas en dispoñer desta publicación poden solicitala na Casa do Concello. Tamén se poderá consultar nas bibliotecas municipais e na web municipal en formato PDF. Ademais entregaranse exemplares nos centros de ensino, entidades sociais, culturais e deportivas, asociacións veciñais, Casas do pobo, Casas da mocidade, os centros de saúde,...



Renovación da web municipal para mellorar a comunicación coa cidadanía ▼

◆ Todos os veciños e veciñas teñen á súa disposición unha nova páxina web do Concello. Ademais dun renovado deseño, realizouse unha notable mellora técnica, de accesibilidade e funcionalidade para prestar un mellor servizo público.

A través deste servizo dixital, calquera persoa pode informarse facilmente da información relacionada co Concello. Ademais de ofrecer de forma diaria todas as novidades que se van xerando da intensa actividade municipal, a web recolle numerosa información sobre a ampla oferta de servizos públicos municipais que ten a cidadanía á súa disposición.

Tamén foi renovado o boletín de noticias que todas as persoas que están subscritas reciben nos seus correos electrónicos.


Oleiros, canteira de campións

▪ *Froito da decidida aposta política polo deporte do Concello, do extraordinario traballo dos clubs e dunha inestimable implicación familiar, Oleiros é unha canteira de grandes campións e campioas a nivel nacional e internacional. Persoas que cun esforzo e dedicación persoal fóra do común atesouran brillantes traxectorias deportivas, con destacados triunfos.*


♦ Para homenaxear de maneira institucional a todas as persoas que nos anos 2020, 2021 e 2022 acadaron medallas nacionais e internacionais en campionatos oficiais, celebrouse a Gala do Deporte no Auditorio Gabriel García Márquez. Un acto de recoñecemento máis que merecido para deportistas individuais e clubs deportivos oleirenses.



Ximnasia rítmica
Iria Álvarez Fuentes
• Santa Cruz




Ximnasia rítmica
Candela Martínez Bobo
• Santa Cruz




Ximnasia rítmica
Escola de Ximnasia
ACORDES. Equipo SÉNIOR



Ximnasia estética
Escola de Ximnasia
ACORDES. Equipo INFANTIL



Ximnasia artística
Aldara Rodríguez Mirás
• Iñás



Ximnasia artística
Erik Cortázar Boado
• Montrove



Balonmán
Marco García de Castro
• Maianca



Balonmán
Mateo Martínez Blanco
• Santa Cruz



Rugby
Mónica Castelo Mejuto
• Nós



Hóckey a patíns
Inés Vázquez López
• Nós



Patinaxe de velocidade
Manuel Taibo González
• Maianca



Patinaxe de velocidade
Jorge Enrique Castro
Vilariño • Nós



Patinaxe de velocidade
Raúl Couto Aradas
• Nós



Patinaxe artística
Lucas Yáñez Pérez
• Dorneda




Patinaxe artística
Olivia Rey Pérez
• Dexo



Monopatín
Julia Benedetti González
• Nós




Ciclismo
Damián Ramos Sánchez
• Montrove




Atletismo
Begoña de Arriba Bellogin
• Santa Cruz



Triatlón
Andrés Prieto Villar
• Maianca



Natación
Almudena Quereda
Rodríguez • Perillo



Vela
Antoni Ripoll González
• Liáns



Piragüismo
Damián Ramos Sánchez
• Montrove



Remo
Álvaro Alvedro del Río
• Perillo




Remo
Luís Miguel Escourido
García-Souza • Perillo



Surf
Juan Fernández López
• Perillo



Paddel Surf
Mariana Suárez de Llano
• Nós



Paddel Surf
Iván Puente Rodríguez
• Dorneda



Paddel Surf
Paloma Porta Álvarez
• Liáns



Paddel Surf
Sofía Puñal García
• Mera



Paddel Surf
Ana Marta Pérez
• Mera



Paddel Surf
Manuel Mata Seoane
• Mera



Salvamento e socorrismo
Brais Cardezo Teijido
• Dorneda



Salvamento e socorrismo
Jaime Ares Castro
• Liáns



Salvamento e socorrismo
Jaime Ares Filloy
• Liáns



Salvamento e socorrismo
Jorge Manzanares Arias
• Liáns




Salvamento e socorrismo
Alejandro Montes Lale
• Oleiros




Judo
Sabela Lage Rivera
• Santa Cruz



Judo
Antonio Manuel Sandino
Ramos • Dorneda



Taekwondo
Marvin Fernández Pascual
• Liáns



Taekwondo
Diego Fernández Pascual
• Liáns



Taekwondo
Vladimir Zapparov
• Oleiros



Taekwondo
Rubén Galdo Maira
• Dorneda



Taekwondo
Helena García Suárez
• Montrove




Esgrima
Manel Villadóniga Martín
• Nós

Os nosos campións e campioas son o orgullo do pobo de Oleiros e un exemplo de como comportarse no deporte e na vida.

Para mitigar o sedentarismo, os malos hábitos, a obesidade e o illamento social, o Concello foi enchendo o municipio de instalacións deportivas de moi variado tipo e aptas para case todas as disciplinas. Así é que existen pistas, pavillóns, complexos deportivos,... que xunto coa rede de parques e espazos públicos naturais permiten exercitarse libremente, nas mellores condicións ambientais. Unha extensa infraestrutura deportiva a disposición de clubs e entidades de maneira gratuíta.

♦ Ademais da celebración da Gala do Deporte, o Concello editou un libro para divulgar os triunfos e a carreira deportiva de todos estes veciños e veciñas do municipio. As persoas interesadas en dispoñer dun exemplar desta publicación poden dirixirse á Fábrica e solicitalo.



Proxecto de cooperación en Guinea-Bissau ▼

■ Auga potable para unha comunidade

◆ Un pozo e un depósito de 4.000 litros de auga foi construído hai pouco tempo en Reno, na illa de Pecixe, unha comunidade duns 800 habitantes que xa non terá que desprazarse tanto para obter auga potable. Este servizo básico de proximidade suporá unha mellora na súa calidade de vida, ademais de contar con enerxía solar, foi complementado cun sistema para a correcta xestión e mantemento da infraestrutura. Foi un proxecto realizado coa colaboración do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, do que forma parte o Concello de Oleiros.



Recollida de lixo nos campamentos saharauís

◆ Tamén a través do Fondo colaborouse nos campamentos saharauís coa primeira fase do proxecto 'Nadafa', que significa "limpeza" en árabe. O obxectivo era mellorar a xestión dos residuos na Wilaya de Bojador, que conta con 16.500 habitantes. Mellorouse a recollida de lixo construíndo puntos para depositar os refugallos, contratando máis persoal e dotándoo dos materiais necesarios para levar a cabo o traballo. Por outra parte, intensificáronse as actividades de sensibilización dirixidas á poboación a través das organizacións da zona, cos centros educativos e cos medios de comunicación locais.



Cooperar con Siria, unha necesidade imperiosa



◆ O recente terremoto que afectou ao leste de Turquía e norte de Siria puxo de manifesto unha penosa realidade: á traxedia propia dese desastre natural, únese a crúa realidade da guerra siria e a desigual intensidade da acción solidaria internacional.

Resulta polo tanto imprescindible redobrar os esforzos necesarios para atender as fortes demandas de axudas que proceden dese país e non atopan eco nas liñas de axuda máis habituais, xa que as estruturas turcas son máis permeables que as sirias.

O uso da conta solidaria para vehicular recursos cara ás entidades que traballan en Siria é unha das fórmulas que a veciñanza de Oleiros ten ao seu alcance para levar a cabo este deber solidario.

CONTA SOLIDARIA do Concello de Oleiros

ES12-2080-0064-9830-4001-1138

A persoas NON SON ILEGAIS



Excursións e sendeirismo para persoas maiores con 1.000 prazas

♦ O programa municipal Ven e Descubre ofrece para este ano 2023 un total de 1.170 prazas para excursións e rutas de sendeirismo para veciños e veciñas maiores de 60 anos. Haberá 15 saídas de excursionismo e 11 de sendeirismo.

O excursionismo consistirá en itinerarios culturais con visitas guiadas en grupo durante os meses de maio, xuño e setembro a Oia e Baiona; Lourenzá e Mondoñedo; e Rianxo, Boiro, Pobra do Caramiñal. En canto ás rutas de sendeirismo ofértanse itinerarios polo Camiño do Inglés, Camiño do mar Cantábrico, Camiño de Inverno e Terras do Carballiño.

A inscrición a excursionismo abrírase, como sempre, por localidades entre o 11 de abril e o 9 de maio, chamando ao teléfono 981 610 000 de 16:00 a 20:00 horas. Para sendeirismo deberán apuntarse a través da páxina web municipal entre o 9 e o 12 de maio.



Comunidade de Familias inquedas ▼



Dentro deste programa municipal, ademais dos obradoiros, quérese crear unha comunidade estable de nais e pais interesadas na crianza, afectos, igualdade, sexualidade, tecnoloxías, vínculos, comunicación... As persoas interesadas en participar poden dirixirse ao correo s.sociais@oleiros.org.

A Romaría das Merendiñas celébrase o sábado 10 de xuño ▼

♦ Todas as persoas maiores de 60 anos están convidadas a participar na Romaría das Merendiñas que se celebrará o 10 de xuño, a partir das 13:00 horas, nos xardíns das Torres de Santa Cruz. Para poder acceder á festa é imprescindible presentar a invitación que se entregará en todos os domicilios.

O menú será o tradicional e antes e despois da comida haberá música e baile, coa Banda da Escola Municipal e co dúo Xilo e Carlos e os solistas Sito Sedes e Carmen María.

Un elemento fundamental desta festa é a implicación e participación de numerosas persoas que colaboran desinteresadamente na organización e no desenvolvemento desta romaría, unha axuda imprescindible para que As Merendiñas poidan realizarse.



Novas actividades feministas ▼

♦ Durante o mes de abril celebrábase o obradoiro “Coñecerse é vivirse” sobre menopausia e perimenopausia e no mes de maio desenvolverase un taller de auto-coñecemento corporal e empoderamento persoal a través das artes escénicas e a expresión corporal. No mesmo período, poñeranse en marcha os “Cafés en Lila” nas bibliotecas municipais, nos que, en cada xuntanza, invitarase a unha autora galega coa que charlar da súa obra, do proceso creativo, inspiración... e feminismo, sempre acompañadas de café e doces. Tamén se desenvolverán ao longo deste ano obradoiros de autodefensa con perspectiva de xénero, actividades para tratar a construción da masculinidade e a feminidade, así como accións dirixidas a rachar cos estereotipos de xénero na práctica deportiva etc.

Para informarse ou apuntarse é posible dirixirse a igualdade@oleiros.org ou ao teléfono 981 610 000.

Helena García, campioa de España de taekwondo



◆ A taekwondista de Montrove Helena García acadou un novo éxito na súa brillante carreira deportiva logrando a medalla de ouro no Campionato de España en categoría absoluta. Ademais, Helena comezou o ano vencendo o Campionato galego e a Copa President de Istambul.

Luismi Escourido, subcampión de España de remo olímpico ▼



◆ Luis Miguel Escourido, como integrante da tripulación da selección galega, acadou a segunda posición no Campionato de España de remo olímpico. Por tan só 4 segundos a medalla de ouro marchou para o equipo de Andalucía.

Un concello vivo

O Acordes clasificado para o Campionato de Europa de ximnasia estética ▼



Foto cedida por Fernando Fernández

◆ O equipo junior do club Acordes acadou o subcampionato na II Fase da Copa España de Ximnasia Estética de Grupo. Este resultado, xunto coa segunda posición da I Fase, califica ao equipo para Campionato de Europa que se celebrará en Helsinki o vindeiro mes de maio.

Brillante actuación de Nicolás Barreira no Campionato de España



◆ Nicolás Barreira Álvarez tivo un papel destacado na selección galega infantil de baloncesto que disputou o Campionato de España de autonomía. Nicolás contribuíu de forma destacada á quinta posición final que ocupou Galicia, nun torneo no que participaron todas as autonomía.

Adela Fernández convocada para o Campionato de España de baloncesto ▼



◆ Adela Fernández Civdanes participará proximamente Campionato de España que se celebra en Cataluña. O seu bo facer sobre a pista fíxoa mercedora da convocatoria por parte da selección galega para esta importante competición.

Laura Ríos campioa galega de triplo salto ▼



◆ A atleta oleirense Laura Ríos Velo proclamouse campioa galega na proba de triplo salto en categoría Sub-14 no Campionato galego en pista cuberta celebrado recentemente en Ourense. Nesa mesma competición acadou o segundo posto na proba de velocidade de 60 metros lisos.

Seis medallas para os judocas oleirenses no Campionato galego ▼



◆ Ian Seguí e Maika Sandino, ouro; Adela López, prata; e Saul Cambor, Eva Castro e Alicia Castro, bronce. En total foron 6 as medallas conseguidas polos judocas oleirenses nunha extraordinaria actuación colectiva no Campionato galego das categorías infantil e cadete. Previamente, na Copa de España de judo Adela López foi campioa e Ian Seguí subcampión.

Retómase a Trofeo Concello de Oleiros de natación sincronizada



O vindeiro 15 de abril, en horario de mañá e tarde, a piscina do INEF albergará a o VIII Torneo de Natación sincronizada Concello de Oleiros. Estímase a participación de máis de 10 clubs e unhas 500 nadadoras.

A Liga Municipal de Judo finaliza o 22 de abril ▼

◆ O pavillón municipal José Antonio García Nieto de Canide albergará a última das xornadas desta competición, o sábado 22 de abril en horario de mañá, cos combates das categorías mixtas sub-13 e sub-11. Nesta edición da Liga Municipal de Judo participaron arredor de 400 judokas de distintos clubs de Galicia e Asturias.

Actuacións das escolas artísticas municipais

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

- **Festival de Bandas:** 29 de abril, 18.00 horas, no parque da Lagoa de Mera.
Banda de Oleiros e Banda municipal O Landro de Viveiro
- **Concerto da Big Band:** sábado 6 de maio, ás 19.00 horas, na casa do pobo de Lorbé.
- **Concerto da Orquestra Sinfónica:** domingo 14 de maio, ás 12.30 horas, no parque da Lagoa de Mera. *Coa participación de coros da Escola de Música e grupos da Escola de Danza*
- **Concerto da Banda de Oleiros e Sito Sedes:** domingo 21 de maio, ás 13.00 horas, na praza da Rabadeira.
- **Tardes de Cámara:** venres 9 de xuño, ás 17.30 horas no parque Romántico de Montrove. *Coa participación da Escola Municipal de Teatro*
- **Il Roteiro da Escola Municipal de Música:** domingo 11 de xuño, de 11.00 a 22.00 horas, en distintos puntos de Santa Cruz.
- **Concerto da Orquestra Sinfónica e coros:** sábado 17 de xuño, ás 12.30 horas, no Auditorio Gabriel García Márquez.
- **Concerto da Big Band:** domingo 18 de xuño, ás 20.00 horas, no parque Nicolás Redondo.

ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA

- **A Sirenita. Música e Movemento:** venres 9 de xuño, ás 19.00 horas, no Auditorio Gabriel García Márquez.
- **Lyrical e Danzas Urbanas:** sábado 10 de xuño, ás 19.30 horas, no Auditorio Gabriel García Márquez.
- **Hansel e Gretel. Danza clásica e de Danza Contemporánea:** mércores 21 e xoves 22 de xuño, ás 19.30 horas, no Auditorio Gabriel García Márquez.

ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO

- A Escola Municipal de Teatro ten programadas no Auditorio Gabriel García Márquez diferentes actuacións de fin de curso para os días 1, 2, 6 e 13 de xuño, das que se irá dando cumprida conta.



Espazo cultural para a creación artística xuvenil na Casa da Mocidade das Pedras ▼

◆ Ademais das distintas salas dotadas de equipamento para o ocio e o lecer, a Casa da Mocidade das Pedras dispón dun grande espazo multidisciplinar con numerosas posibilidades culturais e artísticas para a realización de obras de teatro, concertos, exposicións, baile... Unha sala equipada con son e iluminación profesional, que ofrece grandes posibilidades de uso a artistas incipientes do municipio.

Todos aqueles mozos e mozas interesados en amosar a súa arte, dispoñen deste espazo para organizar concertos, exposicións e todo tipo de espectáculos artísticos e culturais. Para solicitar o seu uso deben comunicarse coas casas da mocidade, por correo electrónico ou mediante as redes sociais, ou directamente no propio edificio.



Numerosas actividades xuvenís

◆ A Casa da Mocidade de Santa Cruz (rúa Daniel Castela, 5) e a Casa da Mocidade das Pedras (avenida Rosalía de Castro, 114) ofertan diferentes e variadas actividades gratúitas. Durante as próximas semanas está prevista a realización de obradoiros de cociña improvisada, arxila polimérica, escritura, "Mociradio", torneo de dardos, cricket, exposición *Miradas que migran*, xornada de sexualidade e afectividade, torneo de simuladores PS4, obradoiro de iniciación ao lettering...

Para obter máis información ou inscribirse é posible dirixirse persoalmente a algún dos dous centros, chamar aos teléfonos 981 614 083 ou 981 977 944, consultar as redes sociais das casas da mocidade ou enviar un correo electrónico a pix.aspedras@gmail.com.

José Luis Gómez recibe o premio Diego Bernal ►

◆ José Luis Gómez, veciño de Montrove, recibiu o premio Diego Bernal de xornalismo en recoñecemento á súa extraordinaria traxectoria profesional nos medios de comunicación. Este premio é o máximo recoñecemento que entrega anualmente a Asociación de Periodistas de Galicia, no caso de José Luis Gómez pola súa competencia e compromiso co xornalismo, plasmados ao longo de catro décadas de intensa actividade.



Premio á mellor canle galega de Youtube para Toxío de Sergio Casal



◆ A canle de Youtube Toxío, do xornalista e politólogo oleirense Sergio Casal e de Nuria Espasandín, recibiu o premio á mellor canle no certame Youtubeiras debido á calidade e interese das súas reportaxes. Estes premios recoñecen as mellores producións audiovisuais galegas que se emiten a través desta rede social en galego.

A Deputación reconece o traballo de Down Coruña, que preside Ricardo Santos ►




◆ Ricardo Santos Rodríguez, veciño dos Regos e presidente de Down Coruña, recibiu o Premio Boas Prácticas da Deputación da Coruña en recoñecemento ao importante labor pola inclusión que realizan na súa entidade. En concreto distinguíuse o proxecto Quiosco Down, como exemplo de inserción sociolaboral.

Rutas de sendeirismo por Galicia ▼

◆ O programa municipal **Andares por Galicia. A Cultura da natureza** ofrece diversas saídas para continuar coñecendo e descubrindo Galicia a nivel natural, social e cultural. Así mesmo procúrase promover a convivencia, o ocio no medio natural e os hábitos saudables.


Estas actividades están dirixidas a persoas maiores de idade. As persoas interesadas en participar poderán inscribirse desde 15 días antes de cada saída na Fábrica, a través do correo r.caparros@oleiros.org ou chamando ao 981 610 000.



RÍO MANDEO

● Sábado 29 de abril

Ruta que comezará en A Esperela (Paderne) e rematará en Betanzos, pasando pola Minicentral do Zarzo, A Espenuca, Área de Lecer de Chelo, Balneario do Bocelo, Cidade Vella de Betanzos... A distancia do percorrido será de 18 km e ten unha dificultade media. A ruta inclúe unha visita ao Museo das Mariñas.



RÍO E FERVENZA DO BELELLE

● Sábado 27 de maio

Ruta que comezará en Cabalar (A Capela) e rematará en Neda, pasando pola Igrexa de Cabalar, Pazo de Isabel, Muíño da Concha, Igrexa de San Nicolas... A distancia do percorrido será de 16.5 km e ten unha dificultade media. A ruta inclúe unha visita ao Museo de Historia Natural da SGHN (Ferrol).



SANTO HADRIÁN DE MALPICA A PUNTA NARIGA

● Sábado 17 de xuño

Ruta que comezará en Santo Hadrián de Malpica e rematará en Niñóns (Corme), pasando polas Illas Sisargas, Praia de Beo e A Seiruga, punto de interese xeolóxico Cizalla de Malpica-Lamoso, Faro de Punta Nariga... A distancia do percorrido será de 18 km e ten unha dificultade media-alta. A ruta inclúe unha visita aos Murais de Urbano Lugrís.

Visita guiada á exposición *Picasso, branco no recordo azul*

◆ O mércores 19 de abril en horario de tarde, os veciños e veciñas que o desexen terán a posibilidade de visitar, de forma guiada e en grupo reducido, a exposición *Picasso, branco no recordo azul*. Trátase dunha mostra que vai a estar no Museo de Belas Artes da Coruña ata o 25 de xuño. As persoas interesadas en participar na visita poderán inscribirse na sede electrónica do Concello.

Esta exposición forma parte da **Celebración Picasso 1973-2023**, que xira arredor de 50 exposicións e eventos promovidos por institucións culturais europeas e americanas que tratan unha análise historiográfica da obra do autor.

Contacontos e actividades infantís en todas as bibliotecas

• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

- ▶ **13 de abril:** *Animais do bosque*, de **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas **de 2 a 5 anos**.
- ▶ **20 de abril:** *Contos entre páxinas*, de **Paula Carballeira**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **27 de abril:** *Timoteo*, de **Proyecto Bululú**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **4 de maio:** *Cores e persoas*, de **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **11 de maio:** *Potaxe de letras*, de **Charo Pita**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **18 de maio:** *Brinca vai*, de **Paco Nogueiras**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.



• BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

- ▶ **12 de abril:** *Historias da marquesa*, de **Pavís Pavós**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **19 de abril:** *A formiga na barriga*, de **Charo Pita**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **26 de abril:** *Robótica educativa: creatividade inspiradora*, de **A Nube de Artear**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**. Realizaranse dúas sesións ás 17:30 h e as 18:45 h.
- ▶ **3 de maio:** *A festa do provir*, de **Fran Amil**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **10 de maio:** *Contos aquí*, de **Ramiro Neira**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **24 de maio:** *Cantares gallegos ao ukelele*, de **Antón Ke**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.



• BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. MERA

- ▶ **21 de abril:** *Contos para orellas abertas*, de **Pavís Pavós**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **5 de maio:** *Contos na lareira*, de **Iván Davila**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **19 de maio:** *Os ratiños da caixa*, de **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.



◆ As bibliotecas municipais seguen a ofrecer diferentes sesións da "Hora do Conto" e obradoiros dirixidos a nenas e nenos maiores de dous anos. **Para participar nestas actividades é necesario reservar praza previamente. Pode facerse na propia biblioteca ou por teléfono no 981 610 000.**

• BIBLIOTECA ÁNXL FOLE. NÓS

- ▶ **14 de abril:** *Canto conto ten*, de **Fran Amil**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **28 de abril:** *A nena lentella*, de **Olga Abad**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **12 de maio:** *O monstro de cores*, de **Lia Magalia**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.



• BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. DORNEDA

- ▶ **17 de abril:** *O traxe novo do rei*, de **Tarabelo Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **24 de abril:** *Contando números, cantando cores*, de **Pablo Díaz**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **8 de maio:** *Cantares gallegos ao ukelele*, de **Antón Ke**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.



• BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

- ▶ **11 de abril:** *Contos de aventura!!*, de **Ramiro Neira**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **25 de abril:** *Cantares gallegos ao ukelele*, de **Anton Ke**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **9 de maio:** *Mago Rosa*, de **Proyecto Bululú**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.



• BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

- ▶ **13 de abril:** *Contos de trasnos e meigallos*, de **Iván Davila**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.
- ▶ **27 de abril:** *Adiviña canto te quero*, de **Lía Magalia**, para nenos e nenas **entre 2 e 5 anos**.
- ▶ **11 de maio:** *Unha nova galaxia*, de **Trémola Teatro**, para nenos e nenas **maiores de 6 anos**.



***Todas as sesións celébranse ás 18:30 horas**

0 alumnado dos centros de ensino participa nas actividades de fomento da lectura ▶

■ **Preto de 3.000 alumnas e alumnos de educación infantil, primaria, ESO e bacharelato están a participar nalgunha das 35 actividades diferentes que ofreceu o Concello ao profesorado de cada un dos centros de ensino de Oleiros para o fomento da lectura entre os escolares. Son un total de 148 sesións, adaptadas á programación escolar de cada aula.**

◆ En función da idade, do curso que estean realizando e da escolla de cada profesor ou profesora, o alumnado poderá visitar a Biblioteca Central Rialeda, recrearse con contacontos e a narración de historias, achegarse á mitoloxía e coñecer algo da construción da Torre de Hércules, divertirse con espectáculos musicais, gozar con pezas de teatro, deleitarse coa poesía, coñecer a produción literaria de autores/as como Rosalía de Castro, Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey, Álvaro Cunqueiro, Julio Cortázar, Yolanda Castaño e Francisco Fernández del Riego... e moitas outras.



Cultura de calidade para todos e todas

■ *Ampla programación municipal con música e teatro* ▼

MÚSICA

Allez, allez...!

● **Xoves 13 de abril,**

ás 20:00 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

Luisa e Cuco Pérez rememoran nun concerto audiovisual o camiño que realizou a súa familia polos campos de concentración franceses. Fano a través das cancións que lles ensinou a súa nai, que naquel momento non era máis que unha nena refuxiada.

■ *Acceso libre e gratuito*



MÚSICA

María de la Flor

● **Sábado 15 de abril,**

ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

María de la Flor é violinista, compositora e cantante. Na súa música pódense atopar influencias do folclore hispano e latinoamericano, así como intuír melodías asturianas ou galegas. O pasado ano presentou "Hilandeiras", o seu primeiro disco de longa duración.

■ *Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira.*

Prezo: 4,00 euros



TEATRO

Cigarreiras

● **Sábado 22 de abril,**


ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Con motivo do centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán, Contraproduccións SL presenta unha relectura da obra A Tribuna. Os temas sobre os que xira esta creación son a muller, o amor e os prexuízos de clase, facendo fincapé en feitos como as primeiras loitas feministas das traballadoras da Fábrica de Tabacos da Coruña.

■ *Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira.*

Prezo: 6,00 euros



TEATRO

Mofa e Befa-Pirolíticos

● **Sábado 29 de abril,**

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Pirolíticos escenificará situacións ben recoñecibles polo público, buscando unha mellor comprensión da "Guía Rápida para unha Correcta Pirólise". Coma sempre, cun formato de sketches e acompañado de música, onde coñeceremos diferentes personaxes.

■ *Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira.*

Prezo: 4,00 euros



MÚSICA

Uxía e Ruibal

● **Sábado 6 de maio,**

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

O espectáculo "De tu casa a la mía" é un retrato musical de Rosalía de Castro e Federico García Lorca. As melodías buscan coñecer máis profundamente a súa obra e descubrir a gran admiración que sentía Lorca por Rosalía, que desembocou en "Seis poemas galegos" do autor granadino.

■ *Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira.*

Prezo: 6,00 euros



TEATRO

Meirás

● **Sábado 13 de maio,**

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

O grupo de teatro estable do Concello de Oleiros ofrece unha representación na que fala do pazo de Meirás, desde a súa construción por decisión de Emilia Pardo Bazán, ata toda a polémica e simbolismo que chegaron a encerrar as vellas paredes deste lugar.

■ *Entradas: entrada gratuita con invitación, a recoller ás 19:30 horas na billeteira.*



PRÓXIMAS EXPOSICIÓNS NA FÁBRICA



■ **GEMMA RINCÓN:**

Tesoros de la Tierra,
do 12 ao 26 de abril

■ **NosArte** (alumnado do CEIP Juana de Vega):

Edificios singulares de Oleiros,
do 3 ao 16 de maio

■ **FERNANDA CANDAL:**

Desde la ventana,
do 24 de maio ao 7 de xuño



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

A moción do Sol y sombra

Asistín como espectadora á liturxia da moción de censura prantexada por Vox e protagonizada polo ex profesor Tammes. Tamén á coral infantiloides que xerou o evento nos medios de comunicación progresistas, que a tomaron como unha especie de sacrilexio contra as reverenciais institucións do Estado.

E non. O Parlamento, ademais dun foro de modulación das leis tamén é un órgano mediático, como todos coñecen. A estratexia do partido reaccionario foi maxistral para gañar notoriedade e espabilar un pouco o seu apocado galiñeiro político.

Vox sabe cal é o seu teito de cristal e trata de pescar votos entre a xente que ve na política un simple espectáculo no que as ideas, os modos de entender o mundo e mesmo o camiño para conseguilos son secundarios. Apelan ao voto emocional con mensaxes planas, arroutadas de catecismo e recetas de taberna. Incluso aproveitaron a ocasión para branquexar cun verniz de tolerancia “fichando” a un vello xarrón ornamental que leva toda a súa vida poñéndose de primeiro en todas as fotos, desde que deixou a súa militancia comunista abandonando as súas nobres ideas liberadoras.

Foi un pracer, iso sí, comprobar que a coalición está sólida e grazas á colaboración entre os sectores máis avanzados e os grandes partidos periféricos continuaremos nunha dirección máis ou menos aceptable.

Carne Miramontes - Santa Cruz

Un libro que emociona

Noraboa pola publicación “Oleiros guapo”, dunha calidade diferencial, extraordinaria, por varios aspectos. Os textos, concisos, directos e con carga poética indubidable, arropan as imaxes de gran fermosura e realismo. Hai unha proporción fabulosa de panorámicas aéreas dentro dunha atmosfera de enfoque inéditos para escenarios coñecidos, o cal estimula una visión anovadora e subliña o valor da natureza como tamén o das pegadas da acción humana respetuosa con ela, remarcando o crecemento harmónico dos asentamentos da poboación e reforzando o carácter político e instrumental do libro como aguiillón das consciencias a respecto do que foi feito segundo un plan preestablecido.

A realidade que hoxe é Oleiros está reflectida a través das súas páxinas non como froito dunha casualidade senón como un discurso orquestado a través de políticas tan activas como traballosas. Respirase ao longo das súas páxinas un clima de vertebración entre tódalas parroquias, aínda con ámbitos xeográficos ben diferenciados, con dotacións comúns a todas elas que contribúen a altos estándares de servizos e calidade de vida. O territorio municipal palpita a través do libro a unha velocidade compartida. Ningún espazo queda relegado.

Cumpre dar a noraboa tamén aos reponsables das fotografías. Nunha primeira ollada pensara que había unha desviación técnica, unha predominancia cara ao verde como pasaba coa antiga película de Fuji. Logo decateime que non había tal, senón que a Luxuria da nosa paisaxe non admite silenciamento, como tampouco os azuis límpidos do noso litoral.!!!

S.C.Q. - Maianca

O xuízo do telediario es os medios de comunicación de acusación e defensa

Un dos temas que máis repercusión está a ter nas últimas semanas nos medios de comunicación é, sen dúbida, o coñecido como “Caso Negreira”. O FC Barcelona abonou durante case 20 anos facturas por valor de miles de euros a Jose María Enriquez Negreira mentres este ocupaba o posto de vicepresidente do Comité Técnico de Árbitros da Real Federación Española de Fútbol.

Máis alá do evidentemente rexeitamento ético que pode xerar esta situación, na que un dos participantes dunha competición está a pagar a un dos encargados de vixiar o comportamento dos árbitros deses mesmos torneos, o certo é que se trata dun caso no que aínda se está abrindo a súa fase xudicial, Sen embargo, a nivel mediático estamos a presenciar un show que deixa moito que desexar.

Por un lado, estamos vendo como algúns periódicos, televisións e radios dan case como culpables aos protagonistas deste caso, dando noticias que, segundo como se contan, xeran confusión e desinformación. Por outra banda, temos a outros medios que pretenden amosar unha falsa realidade de que non

ocorreu nada grave, facendo unha interpretación interesada de certas cousas que se van coñecendo deste caso. A isto hai que sumar que contan con expertos na materia xudicial que dan opinións que, curiosamente, sempre van na liña do que opina o medio correspondente.

A imaxe das persoas e do club implicado xa van quedar marcadas para sempre, independentemente do que ditamine a xustiza. A reflexión e a pregunta que debemos ter na cabeza é a posición na que van a quedar estes medios de comunicación co seu público. Porque a ninguén se lle escapa que estes comportamentos dos supostos informadores están a xerar unha situación moi clara neste caso, xa non hai ninguén que necesite ou espere unha resolución xudicial, porque xa todos temos o noso veredicto.

Jacobo Castro - Mera

Ata sempre Carmen

Estimados voluntarios, colaboradores, compañeiros; Aínda que moitos xa o sabedes, Carmen faleceu. Aínda coa dor da súa ausencia presente, dende Terra de Homes non queríamos deixar de enviar esta carta para recordar a unha persoa compañeira de vida, coa que compartimos un camiño e no que cremos desde o primeiro momento co obxectivo de axudar á infancia.

Carmen era unha persoa sempre disposta a actuar, tentando de solucionar todo o que estaba nas súas mans, cun corazón enorme. Pese a esto, gustáballe estar na sombra e sentía que os nenos estaban por encima de todo. Foi alguén clave para a posta en marcha deste proxecto en Galicia, poñendo toda a súa vida para poder levalo acabo, incluso nos momentos de dificultade.

A súa paixón por esta iniciativa, a dedicación a todos e cada un dos nenos desde Jerome, foi determinante para superar todos os obstáculos. Imos botala moito de menos e esperamos que nos siga guiando, cos seus valores e o seu amor polos nenos.

Dende a dirección de Terra de Homes a nivel nacional tamén expresan a súa tristeza por esta perda. Agradecemos o apoio que estamos a recibir por parte de todo o mundo, e por facernos sentir que Carmen sempre seguirá entre nos.

Raúl Besada - Delegado Galicia de Tierra de Hombres

Teléfono do Veciño
Toda a información de 8 da mañá
a 8 da tarde ininterrompidamente
981 610 000

Concello de Oleiros	981 610 000
Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades	
Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos	
CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas	
Central Rialada / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618

Querida lúa

O ciclo da lúa	
Chea	5 abril / 5 maio / 3 xuño
Mingua	12 abril / 12 maio / 10 xuño
Nova	20 abril / 20 maio / 18 xuño
Medra	27 abril / 27 maio / 25 xuño



Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO



38.293 habitantes empadroados/as!

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 28 de marzo

DEXO (Santa María)	1.437
DORNEDA (San Martiño)	3.703
IÑÁS (San Xurxo)	1.310
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.146
MAIANCA (San Cosme)	1.640
NÓS (San Pedro)	4.968
OLEIROS (Santa María)	3.297
PERILLO (Santa Leocadia)	9.166
SERANTES (San Xulián)	1.626

TOTAL 38.293

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Aeroporto de Alvedro 981 187 200

Estación autobuses A Coruña 981 184 335

Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

LORBÉ ■ O BURGO

2652	> SAÍDAS	Cal Pita - Eliseo Pita	REGRESOS <
	LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO		
	07:00 h - 21:00 h	cada 2 horas luns - venres	cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

FARMACIAS DE GARDA	Datas
■ SANTA CRUZ • Rúa Viñas de Babilonia, 10	Do 31 de marzo ao 6 de abril
■ PERILLO • Avda. Ernesto Che Guevara, 16	Do 7 ao 13 de abril
■ LORBÉ • Rúa Golfiño, 117-A	Do 14 ao 20 de abril
■ IÑÁS • Av. das Mariñas, 54, Parque Oleiros	Do 21 ao 27 de abril
■ PERILLO • Rúa Areal 17	Do 28 de abril ao 4 de maio
■ OLEIROS • Camilo Díaz Baliño, 1	Do 5 ao 11 de maio
■ MERA • Praza de Miramar, 4	Do 12 ao 18 de maio
■ PERILLO • Avda. Rosalía de Castro, 247	Do 19 ao 25 de maio
■ NÓS • Avda. das Mariñas, 247	Do 26 de maio ao 1 de xuño
■ SANTA CRUZ • Francisco Comesaña 4-6	Do 2 ao 8 de xuño
■ ARILLO • Avda. República Arxentina, 106	Do 9 ao 15 de xuño
■ OS REGOS • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4	Do 16 ao 22 de xuño

Homenaxe permanente ao profesorado

● *A docencia fai da educación un valor de igualdade, liberación e progreso* ▼

◆ Unha escultura de Francisco Escudero homenaxeará de xeito permanente o transcendental papel que teñen mestres e mestras na nosa sociedade para a educación, a cultura e, por conseguinte, para a consolidación da democracia. A estatua está situada en Mera, na nova urbanización próxima a Pinar del Río, na confluencia entre a rúa das Escolas e a rúa Eduardo Galeano.

A vocación no traballo do profesorado de Oleiros e de todo o país resulta imprescindible no proceso de formación de novas xeracións de persoas cultas, libres e tolerantes. Desde o Goberno municipal lévese realizada unha forte aposta polo ensino desde o inicio da democracia, pasando de contar cun único centro de ensino a dispoñer de 4 escolas infantís, 5 colexios e 3 institutos e dotando os centros de numerosos recursos e programas complementarios á formación curricular.



Decenas de veciños e veciñas, xunto con numerosos docentes, participaron no acto de inauguración da escultura ►